

Proxecto BATEFOGO

Acta do Foro veciñal de Manzaneda

21 DE MAIO – CENTRO CULTURAL DE SAN MIGUEL

DATOS BÁSICOS

- ✓ **Data:** 21 de maio de 2016
- ✓ **Hora:** 10:30 – 13:30
- ✓ **Lugar:** Centro Cultural de San Miguel (O Penso, 25, Manzaneda)
- ✓ **Duración:** 2 horas e media
- ✓ **Obxectivos:**
 - Contrastar o estudo do territorio elaborado.
 - Comezar a construír alternativas, propostas de traballo que directa ou indirectamente enfronten a problemática dos lumes no concello.
- ✓ **Participantes:** 12 persoas
- ✓ **Resultados obtidos:**
 - Un estudo do territorio consensuado coa veciñanza e unha serie de propostas de traballo que serán abordadas novamente nunhas xornadas de debate en setembro-outubro de 2016.

ORDE DO DÍA

1. Presentación do foro e introdución do Proxecto Batefogo.
2. Presentación Estudo do Territorio.
3. Dinámica de traballo (I): Por que arde Manzaneda?
4. Dinámica de traballo (II): Como reducir os incendios? (30 min.)
5. Peche e avaliación (15 min.)

1. PRESENTACIÓN DO FORO E INTRODUCCIÓN DO PROXECTO BATEFOGO

Benvida e presentación a cargo do alcalde de Manzaneda e do coordinador do Proxecto Batefogo. Explicación dos obxectivos do foro, da súa temporalización e resultados.

2. PRESENTACIÓN ESTUDO DO TERRITORIO

Exposición dos aspectos básicos do estudo do territorio e introdución á problemática dos lumes e hipóteses que os expliquen no concello (documento anexo: “Estudo territorial de Manzaneda. Documento resumo”).

3. DINÁMICA DE TRABALLO (I): POR QUE ARDE MANZANEDA?

A raíz dos resultados do estudo do territorio e da revisión documental sobre as causas dos lumes en Galicia, propónse unha distinción entre “causas estruturais” e “causas circunstanciais”.

| Causas estruturais | Causas puntuais |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Despoboamento e avellentamento do rural - Abandono do monte / Cambio de usos - Lexislación / Política forestal - Cambio climático | <ul style="list-style-type: none"> - Neglixencias - Accidentes - Causas naturais - Intencionalidade <ul style="list-style-type: none"> ○ Conflitos de intereses entre particulares ○ Conflitos de intereses coa administración ○ Queimas agrícolas ○ Queimas para pastos |

Sobre as causas estruturais a capacidade de intervención a nivel municipal é baixa ou moi baixa; sobre as causas naturais e sobre os accidentes pouco podemos facer, ao tratarse de acontecementos imprevistos.

A proposta de traballo céntrase por tanto nos lumes causados por neglixencias e intencionalidade.

Divídense aos participantes en dous grupos aos que se lles pide:

- valorar os resultados do estudo do territorio, nomeadamente os relacionados coas causas dos lumes no concello;
- elaborar unha lista xerarquizada das causas dos lumes no concello;
- valorar os impactos producidos por estes lumes no concello.

Exponse a continuación os resultados desta primeira dinámica de traballo:

- A valoración dos resultados do estudo do territorio

En liñas xerais valórase positivamente o traballo desenvolvido. As principais conclusións do estudo e a cartografía elaborada válídanse para a continuidade da dinámica.

- A lista xerarquizada das causas dos lumes

Ademais das causas estruturais e circunstanciais enumeradas na presentación da dinámica, engádense no apartado de causas estruturais as “políticas relativas ao medio rural”, a “ordenación do territorio” e a “falta de recursos”. No que respecta ás causas circunstanciais, engádense a “caza”, os “intereses da extinción” e os “pirómanos”.

Con estes elementos, as listas xerarquizadas de cada un dos grupos foron:

| | |
|----------------------------------|----------------------------------|
| 1. Conflictos coa administración | 1. Conflictos coa administración |
| 1. Queimas para pastos | 2. Pirómanos |
| 1. Queimas agrícolas | 2. Neglixencias |
| 2. Abandono do monte | 3. Queimas para pastos |
| 3. Conflictos entre particulares | 3. Queimas agrícolas |
| 4. Intereses de extinción | 4. Caza |
| 5. Falta de recursos | 5. Conflictos entre particulares |
| 6. Caza | |
| 7. Pirómanos | |

A dificultade de priorizar unhas causas sobre outras fixo que nos dous grupos houbera postos “repetidos”, é dicir, co mesmo nivel de importancia.

O conflito coa administración adquire nos dous grupos a máxima relevancia: hai moitos límites e trámites que non se entenden. Por outra parte, hai tamén unha certa sintonía sobre a importancia das queimas para pastos e agrícolas.

- O debate sobre os impactos

A destrución dun patrimonio ao que se lle podería dar un uso produtivo foi o elemento que centrou con maior intensidade o debate. Aludiuse aquí ao pouco aproveitamento de moitos montes, o que fai que se incremente o risco de incendio, xa que, de ser produtivos, a xente estaría máis pendente de que non se produciran; tamén á necesidade de impulsar as comunidades de montes; e, por último, á relación de todas estas cuestións co despoboamento do rural.

4. DINÁMICA DE TRABALLO (II): COMO REDUCIR OS INCENDIOS?

Unha vez que contamos con información para valorar a situación dos incendios, propónse habilitar un espazo de debate no que valorar medidas a poñer en marcha no contexto de Manzaneda.

O traballo desenvólvese tamén en dous grupos, cos seguintes resultados:

Grupo 1

Que necesitamos:

- Pór en valor o territorio
- Non ter beneficio ao queimar
- Estudo dos lindes das propiedades
- Controlar o destino das axudas
- Formación
- Mellorar a comunicación e a confianza da Xunta coa veciñanza e da veciñanza coa Xunta
- Organización
- Mediación en conflitos no monte
- Investir no monte

Propostas:

- Montar xuntas reitoras para os Montes en Man Común (unión)
- Delimitar mellor as áreas dos Montes en Man Común
- Facer sociedades cooperativas
- Coñecer outras experiencias (formación)
- Dar máis información aos gandeiros e máis facilidades
- Xuntanzas (mesas de negociación) por ámbitos concretos para ver as necesidades e ver como proceder
- Crear unha Mancomunidad de Montes
- Desbrozar, limpar e vixiar máis (veciñanza e brigadas con maior autoridade)
- Facilitar o acceso aos plans cinexéticos
- Lei de arrendamentos (banco de terras)
- Investir máis no monte (facelo rendible)

Grupo 2

1. Procesos de mediación e diálogo
 - a. Desde: concellos / cámaras agrarias / axentes forestais
 - b. Programas de Educación Ambiental
 - c. Potenciar as Comunidades de Montes: aproveitar o solo / prevención de incendios
2. Dinamización socioeconómica
 - a. Promoción do cooperativismo
 - b. Industria de transformación
 - c. Marca
 - d. Venta directa

5. PECHE E AVALIACIÓN

Agradecementos e convite ás seguintes actividades do Proxecto Batefogo.